

## NOTA DE PRENSA

**Tunos veteranos representantes de universidades de España, Portugal, Holanda e México conmemoran a vindeira semana en Santiago o centenario da primeira edición da novela *La Casa de la Troya* de Pérez Lugín**

**Actuarán polas rúas e prazas da cidade durante dous días e celebrarán un festival no Auditorio Abanca o sábado pola tarde**

---

*Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2015 (Vía Láctea Comunicación).*- Con motivo do centenario da primeira edición da novela *La casa de la Troya* de Alejandro Pérez Lugín (1915), esta mañá o Museo Casa da Troia acolleu a presentación dos actos que a Asociación de Antigos Tunos Composteláns, entidade que xestiona o museo, está a organizar para conmemorar esta efeméride. A vindeira semana, os días 6 e 7 de novembro, celebraranse os “II Encuentros Troianos en Compostela”. No marco desta cita, terá lugar o Festival do Centenario no Auditorio Abanca de Santiago.

No acto de presentación interviron **Benigno Amor**, presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns; **Fernando Reyes**, director do Grupo de pulso e púa do Museo Casa da Troia; **Sara Santos**, presidenta da Asociación Hostelería Compostela; **Jorge Duarte**, segundo tenente de alcalde de Santiago; e **Ramón Mariño**, director da Zona de Santiago de Abanca.

**Benigno Amor** indicou que o obxecto destes encontros é “conmemorar o centenario da primeira edición da novela *La Casa de la Troya* e promocionar Santiago como unha das principais cidades universitarias da Península, atraendo a persoas que estudaron na Universidade de Santiago e a visitantes en xeral para que veñan gozar coas súas familias e amigos do ambiente musical e universitario de Compostela durante a vindeira fin de semana. Ademais, queremos recuperar o interese suscitado polo “I Encontro”, que tivo lugar en 2002, incrementado o seu carácter internacional”. Nesta liña, salientou que nesta ocasión reuniranse máis de 250 persoas integrantes de agrupacións de pulso e púa de tunas veteranas procedentes de diferentes puntos de España, Portugal, Holanda e México.

### **Tunas de España, Portugal, Holanda e México**

**Amor** explicou que na selección destas agrupacións tivéronse en conta factores históricos vencellados á novela e ao seu tempo. Así, de Portugal estarán a Quarentuna de Coimbra -que naceu pola influencia da viaxe que a Tuna Compostelá fixo a Portugal en 1888- e a Tuna Veterana da Universidade Portucalense.

Co obxecto de contar coa presenza de persoas procedentes de diferentes cidades ligadas a Pérez Lugín como Madrid, Valencia, Sevilla... participará Tuna España, conformada por tunos veteranos de diversas universidades españolas, declarada en 2013 “institución de interese para a Marca España”.

A este festival tamén está convidada a Estudiantina de los Decanos de la Universidad de Querétaro. Tal como sinalou **Amor**, “a presenza dunha tunas mexicana ten a súa razón de ser na divulgación que a novela ten en América Latina, así como no feito de que das cinco versións cinematográficas que se fixeron da publicación, unha era mexicana. Ademais, do mesmo xeito que Santiago de Querétaro é unha cidade irmandada coa de Santiago de Compostela, a Tuna Compostelá estao coa de Querétaro”. Completan o programa a Tuna Ciudad de Luz de Holanda e o Grupo de pulso e púa da Asociación de Antigos Tunos Composteláns-Casa da Troia.

### **Actuacións nas rúas e prazas de Santiago**

Os actos comezarán o venres 6 pola tarde, coa recepción aos directores da agrupacións participantes no Museo Casa da Troia. Deseguido realizarase unha ofrenda ao Apóstolo na Misa do Peregrino e, ao remate, os grupos iniciarán un pasarrúas na Praza das Praterías, cun percorrido polo casco histórico que rematará na Praza do Obradoiro.

O sábado 7 pola mañá actuarán de novo en diversas rúas e prazas de Santiago, co fin de facer partícipe do ambiente troiano á cidadanía e aos visitantes. Este pasarrúas concluirá no Pazo de Fonseca, onde terá lugar un acto académico presidido polo reitor da USC. Logo as agrupacións tocarán na Praza de Fonseca e a continuación realizarán unha ofrenda floral a Rosalía de Castro na Alameda.

O sábado pola tarde, ás 18:30 horas, comezará o “Festival do Centenario” no Auditorio Abanca. As entradas poden adquirirse a 5 euros para butaca e a 3 euros para o anfiteatro en diversos establecementos da cidade: Librería Toural, Amboa, café Zum Zum, Librería Couceiro e no Casino. Cada agrupación interpretará catro pezas, alomenos unha do repertorio musical galego e outra típica da súa universidade de procedencia. Pola noite actuarán de novo polas rúas de Compostela e os encontros rematarán de madrugada cunha sesión musical no Casino.

“A través destas actuacións búscase achegar a música galega para agrupacións de pulso e púa á poboación; e enriquecer o noso patrimonio musical, de xeito que se logre imbuír ao espectador na época e no ambiente musical de finais do século XIX e comezos do XX, promovendo que o público sexa parte activa e implicada na experiencia” -salientou **Benigno Amor**-.

O debuxo que ilustra o cartel do Festival é do deseñador galego **Xosé Vizoso**. Ademais, Sargadelos vai sacar unha nova tiraxe da medalla que fixera no ano 1993 para conmemorar a inauguración do Museo Casa da Troia.

Este proxecto está patrocinado polo Concello de Santiago, a Consellería de Cultura, a Deputación da Coruña e a Fundación Abanca. E conta coa colaboración da Universidade de Santiago e a Asociación Hostelería Compostela. O Museo Casa da Troia, que permanece pechado durante os meses de inverno, abrirá especialmente para a ocasión dende o xoves 5 ata o domingo 8 de novembro.